

## ROTEIRO MÁXICO DE SANTISO: O CARREIRO DA PONTE.

CEIP Arcediago-Santiso

A Equipa Santiso Maxia busca promocionar o Carreiro da Ponte preto da contorna rural do noso centro, o CEIP de Arcediago (Santiso) grazas a iniciativa “Somos Rural” de ANPAS Galegas.

Somos un centro pequeno do rural que tentamos manter viva a historia e a cultura que nos enriquece como persoas. A familia do CEIP de Arcediago está constituída por 40 alumnos e alumnas do propio concello e un total de 9 docentes, contando en todo momento coa inestimable colaboración das familias, a ANPA e o propio concello.

Un dos puntos fortes dos coles do rural é que conviven alumnado de diferentes idades dentro dunha mesma aula, producíndose un enriquecemento natural e unha retroalimentación positiva en cada actividade e proxecto que se pon en marcha.

Neste caso, os beneficiarios da vivencia desta experiencia foron os cativos e as cativas das aulas mixtas de 3º-4º e 5º-6º, o que supón a metade do alumnado do centro.

O concello do noso centro sitúase no surlleste da provincia de A Coruña, facendo fronteira coas provincias de Lugo e Pontevedra, co río Ulla como fronteira natural que conforma un enclave paisaxístico de beleza singular.

Forma parte, á súa vez, da comarca de Terras de Melide xunto cos concellos de Melide, Sobrado e Toques.

O concello está constituído por 17 parroquias que ocupan unha extensión de case 68km<sup>2</sup>.

O relevo suave e variable está salpicado dos pequenos vales que forman os afluentes do gran Ulla, que son Boente, Rego do Muíño, Rego de Beseña e Furelos. O clima oceánico húmido propio da zona favorece as choivas que dan vida a gran vexetación e ao verdor dos prados e pastizais.

O noso proxecto quere dar a coñecer a historia, patrimonio, lugares, xentes e cultura do noso concello e, para iso, dunha forma lúdica, amena e saudable imos facer un percorrido a través dun roteiro que se atopa no lugar de Arcediago, a carón da antiga casa consistorial e ao que podemos acceder dunha maneira moi sinxela.

O Carreiro da Ponte, que nós denominamos como Roteiro Máxico, é un percorrido pola historia e o patrimonio natural e cultural do noso concello e do que se nutren o alumnado do noso centro, xa que, a historia é parte do noso ser.

Ao tempo que desfrutamos dun paseo entre lonxevos carballos e castiñeiros imos recollendo a herdanza dos nosos devanceiros que deixaron para o noso disfrute nas aldeas, parroquias e lugares; castros, ríos e montes; e que forman unha senda onde eles/as deixaron fonda pegada.

Tamén atoparemos historias reais moi curiosas de tempos pasados, así como lendas e contos tradicionais transmitidos de forma oral de xeración en xeración.

Entre a gran cantidade de información que atopamos no noso deambular pola carballeira, queremos destacar:

## ROTEIRO MÁXICO DE SANTISO: O CARREIRO DA PONTE.

- O tellado dunha casa de pedra: desta antiga construción dun lugar de Santiso empregáronse moitas das pedras que hoxe conforman parte desta senda.
- A mina de ouro de Beseña: recollida nunha revista semanal da Arxentina, xa no ano 1907, se facía constar a posibilidade da existencia dunha mina de ouro en Pezobrés.
- O outro Vimianzo: así é como un coñecido periódico titulaba unha nova no ano 2012 na que o alcalde do coñecido municipio da Costa da Morte protestaba pola fuga de votos cara unha das parroquias do noso concello que tamén recibe o nome de Vimianzo. Cousas da toponimia....
- Lenda do Castro de San Romao: ademais de manterse grazas a transmisión oral, esta lenda é recollida tamén por Cuevillas e conta que se o día de San Xoán, ao levantar o día, miras cara o castro vese a pita dos pitos de ouro ou un home vestido de negro....
- Industria madeira: o pasado industrial do concello estivo fortemente marcado pola industria madeira, presente en nada menos que 10 serras repartidas polas 17 parroquias do municipio, onde piñeirais e fragas conformaban a materia prima fundamental desta industria.
- Hortensia: na memoria dos veciños e veciñas do concello aínda sacude o ciclón Hortensia, hoxe denominado como cicloxénese explosiva.... E tanto que explosionou que aínda se recorda a de tellados que levou e pinos e palleiros que tirou. Como nota curiosa, un dos cativos do centro que fixo o percorrido do Carreiro Máxico, sorprendeuse ao saber que o nome da súa avoa coincidía con tal fenómeno meteorolóxico adverso, coa afirmación de “non sabía eu que a miña avoa era quen de facer tanto dano”.
- Cogomelo endémico “Entoloma Santisense”: descuberto no monte de Barazón no ano 2016.
- Grandes persoeiros que percorreron o concello: os grandes homes da literatura, integrantes do Seminario de Estudos Galegos, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Antón Fraguas, López Cuevillas e Taboada Roca estiveron polas terras de Santiso para facer unha catalogación deste territorio.
- Banda de Visantoña: unha das lembranzas máis emotivas que atopamos neste percorrido é a que conta como, a pesares das dificultades e carencias da posguerra, a música nunca deixou de soar, incluso na clandestinidade. E grazas a estes homes valentes, hoxe en día, aínda se mantén a formación a cal nutren algúns dos cativos e das cativas do noso centro.
- O Pazo de Liñares: en tempos de carencia, os pazos rexentaban a grandeza dunha cultura desigualitaria tanto entre clases sociais como entre sexos.
- Zarra ou tenza: son outras formas de denominación dos terreos neste concello.
- Carril: ademais dun apelido propio da zona, os carros circulaban por el, e nós neste percorrido tamén nos mantemos no carril.
- Arturo: se non sabes quen foi este personaxe transcendental en Santiso o terás que buscar...
- Feira de San Benito: os 10 de cada mes celebrábase en San Benito, no campo da festa, a feira tradicional con postos agrícolas e gandeiros.

## ROTEIRO MÁXICO DE SANTISO: O CARREIRO DA PONTE.

- Casas do rural: na tradicional casa rural galega convivían madeira, pedra, animais e persoas. Pero... que estancia botaríamos en falta na actualidade?

Isto é unha pequena mostra de información patrimonial e cultural que podemos atopar no noso percorrido polo Carreiro da Ponte.

Sen embargo, o roteiro non só consta de información veraz senón que nos invita a reflexionar e completar eses datos coas nosas vivencias. Así, no percorrido podemos atopar unha serie de preguntas nas que temos a posibilidade de amosar o moito que sabemos da nosa contorna. Sirvan como exemplo as seguintes:

- N°2: De que maneira se manifestou a veciñanza de Beigondo e Loño para que Fenosa arranxase o problema que xerou a creación do encoro de Portodemouros?
  - A) Cada músico tocaba na súa casa.
  - B) Pediron permiso para poder tocar.
  - C) Ensaíaban na clandestinidade, tocando en palleiras e pendellos da comarca.
- N°4: En liña recta, cal é a distancia máis larga dentro do municipio de Santiso?
  - A) De Ribadulla a Liñares.
  - B) De Beigondo a Reboredo.
  - C) De San Román a Cornella.
- N°9: Con cantas parroquias linda Beigondo?

Estas e moitas máis cuestións que atopamos no roteiro ben merecen que vos acheguedes a coñecer un sendeiro cheo de cultura e historia, ademais de ser moi, moi saudable.

Nestes tempos onde tanto fincapé se fai na vida saudable do corpo, tamén a mente debe estar exercitada e nutrida de novas experiencias e sensacións. Educar non só é transmitir coñecementos, senón que tamén debemos ensinar a demostrar e controlar as nosas emocións e sentimentos, conformando persoas estables e desenvolvidas a nivel curricular, persoal e social.

Non cabe dúbida que para os centros do rural, a aula esténdese máis aló das paredes do centro e nós contamos coa posibilidade de facer da natureza da nosa contorna a nosa propia aula onde poder recargarnos de enerxía positiva e liberar a tensión que as aulas ordinarias xeran ao longo de tantas horas de traballo e esforzo diario.

Con este proxecto, ademais de dar a coñecer o concello de Santiso, o CEIP de Arcediago e o Roteiro Máxico, queremos expresar a importancia do medio rural no desenvolvemento da sociedade, da nosa comunidade e, por suposto, de todo o Estado, xa que, o rural non é un mundo aparte, senón parte do mundo.

## ROTEIRO MÁXICO DE SANTISO: O CARREIRO DA PONTE.

A modo de conclusión desexamos ter aberto unha fiestra ao noso día a día e quedamos nas vosas mans de cara a promoción do noso proxecto, que consideramos que encaixa na idea da iniciativa de “Somos Rural” posta en marcha por ANPASGalegas.